PRIMEIRO EXERCICIO.-AUXILIAR DE ADMINISTRACIÓN XERAL

1.-Segundo a Constitución española, ¿quen teñen dereito á tutela xudicial efectiva de xuíces e tribunais?

a) Tódolos españois pero non os estranxeiros non legalizados.
b) Tódolos cidadáns da Unión Europea e os españois, pero non os estranxeiros alleos a ese ámbito.
c) Tódalas persoas.
d) Só os cidadáns españois e os nacionais de países da Unión Europea legalizados.

2.-¿En que artigo da Constitución se regula o dereito á cláusula de conciencia e ó segredo profesional?:

a) No artigo 20.
b) No artigo 24.
c) No artigo 27.
d) No artigo 19.

3.-Segundo a Constitución, o control da legalidade da actuación administrativa corresponde:

a) Ós tribunais de orde xurisdicional contencioso-administrativa.
b) Ós tribunais de orde xurisdicional contencioso-administrativa, e, se é o caso, ó Tribunal Constitucional.
c) Ós tribunais.
d) Ós tribunais de orde xurisdicional contencioso-administrativa, ó Defensor do Pobo e, se é o caso, ó Tribunal Constitucional.

4.-¿Que dereito dos seguintes poderá ser suspendido en caso de estado de excepción ou sitio?

a) Dereito ó honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe.
b) Dereito á produción e creación literaria, artística, científica e técnica.
c) Dereito á liberdade de cátedra.
d) Dereito de asociación.

5.-¿Quen ten preferencia na sucesión no caso de que se dea un suposto de igualdade de grao?

a) As mulleres sobre os varóns.
b) Os varóns sobre as mulleres.
c) A persoa de máis idade sobre a de menos.
d) A persoa más próxima á máis afastada.

6.-¿Cal destas é competencia exclusiva do Estado?

a) Montes e aproveitamentos forestais.
b) Promoción do deporte e adecuada utilización do ocio.
c) Comercio exterior.
d) Artesanía.

7.-¿De cantos membros se compón o Consello Xeral do Poder Xudicial?

a) De vinte membros.
b) De vinte membros máis o Presidente do Tribunal Constitucional.
c) De vinte e un membros.
d) De vinte membros nomeados por un período de seis anos.

8.-Se a iniciativa por vía común de constituírse en autonomía non prosperase, esta pode reiterarse en:

a) Cinco anos.
b) Tres anos.
c) Oito anos.
d) Dez anos.

9.-O prazo para interpoñer unha queixa ante o Defensor do Pobo será de:

a) Seis meses desde o momento en que ocorreran os feitos que se denuncian.
b) Un ano a partir do momento en que se coñeceran os feitos obxecto da queixa.
c) Cinco anos a partir do momento en que ocorrera a vulneración do dereito.
d) Non existe ningún límite de tempo para interpoñe-la queixa.

10.-Non é un órgano directivo da Administración Xeral do Estado:

a) Os ministros.
b) Os directores xerais.
c) Os subdirectores xerais.
d) Os delegados do Goberno nas Comunidades Autónomas.

11.-O nomeamento e cesamento dos Subdelegados do Goberno nas provincias efectuarase por:

a) Decreto do Consello de Ministros.
b) Orde do ministro de Administracións Públicas.
c) Resolución do delegado do Goberno.
d) Resolución do secretario de Estado.

12.-Segundo o artigo 3 do Estatuto de Autonomía de Galicia, gozarán da condición política de galegos:

a) Quen teña veciñanza política en calquera dos municipios de Galicia.
b) Os cidadáns españois, que de acordo co Estatuto de Autonomía teñan veciñanza civil en calquera dos municipios de Galicia.
c) Os cidadáns españois, que de acordo coas leis xerais do Estado, teñan veciñanza civil en calquera dos municipios de Galicia.
d) Os cidadáns españois, que de acordo coas leis xerais do Estado, teñan veciñanza administrativa en calquera dos municipios de Galicia.

13.-Segundo o artigo 29 do Estatuto de Autonomía de Galicia, correspóndelle á Comunidade Autónoma de Galicia a execución da lexislación do Estado en materia de:

a) Salvamento marítimo.
b) Agricultura e gandería.
c) Portos pesqueiros.
d) Entidades cooperativas.

14.-Segundo a Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, non pode ser exercido o dereito de acceso a un arquivo ou rexistro público no caso de:

a) Os relativos a materias protexidas polo segredo comercial.
b) Sirva a fins exclusivamente estatísticos.
c) Se trate do Rexistro Central de Penados e Rebeldes.
d) O acceso a documentos e expedientes que conteñan datos sanitarios persoais dos pacientes.

15.-O procedemento abreviado en materia de responsabilidade administrativa está previsto para a indemnización de:

a) A administración por lesións ocasionadas polos particulares ós seus bens.
b) Danos inequívocos.
c) Todo tipo de danos.
d) Danos cando a administración actúe como persoa de dereito privado.

16.-Cando se conceda, a instancias dun particular, unha ampliación dos prazos, esta non debe exceder de:

a) Dez días.
b) A metade do prazo.
c) Un tempo igual ó do prazo de que se trate.
d) Tres meses en calquera caso.

17.-¿En que artigos da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común se encontran regulados os motivos de nulidade ou anulabilidade?

a) Nos artigos 61 e 62.
b) Nos artigos 62 e 63.
c) Nos artigos 63 e 64.
d) Nos artigos 60 e 61.

18.-Si, solicitada a suspensión dun acto, a administración non decide sobre esta, postergando a decisión á resolución do recurso, se é o caso, interposto:

a) Automaticamente queda suspendido o acto.
b) Actúa correctamente.
c) Recae silencio positivo sobre a petición de fondo do recurso.
d) Nada do anterior é certo.

19.-Nos contratos de obras, será preceptiva a supervisión previa do proxecto cando a súa contía sexa igual ou superior a:

a) 60.050,00 €.
b) 300.506,05 €.
c) 30.020,00 €.
d) 350.000,00 €.

20.-O contratista colaborador da administración nun contrato de colaboración entre o sector público e o sector privado:

a) Non pode asumir, por definición, a dirección das obras que sexan necesarias.
b) Pode realizar, só parcialmente, os proxectos para a execución das obras.
c) Pode asumir, nos termos previstos no contrato, a dirección das obras que sexan necesarias.
d) Nunca poderá contrata-los servizos precisos para realiza-las obras.

21.-De conformidade coa Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, a aprobación inicial dos estatutos das mancomunidades municipais debe ser acordada por:

a) A Deputación Provincial.
b) A asemblea integrada polos concelleiros dos municipios interesados.
c) O Pleno dos respectivos concellos.
d) Todas son falsas.

22.-De acordo coa Constitución e a Lei de bases de réxime local, a creación de comarcas nunha comunidade autónoma require:

a) A iniciativa de tódolos municipios afectados.
b) A iniciativa dun número de municipios afectados que representen, polo menos, as dúas quintas partes dos que deban agruparse na comarca.
c) A iniciativa dun número de municipios afectados que representen as dúas quintas partes dos que deban agruparse na comarca e, polo menos, a metade do censo electoral do territorio correspondente.
d) Tódalas respostas son falsas.

23.-A consulta popular, recollida no artigo 71 de la Lei reguladora das bases de réxime local, debe autorizarse, en calquera caso, polo/la:

a) Comunidade Autónoma.
b) Goberno da Nación.
c) Alcalde.
d) Consello de Estado.

24.-Está previsto no artigo 28 da Lei reguladora das bases de réxime local que os municipios realicen actividades complementarias das propias doutras administracións públicas en materia de:

a) Turismo.
b) Asistencia social.
c) Vivenda.
d) Transporte público de viaxeiros.

25.-¿Que artigo da Lei reguladora de las bases de réxime local regula as competencias propias das Deputacións Provinciais?

a) O artigo 34.
b) O artigo 35.
c) O artigo 36.
d) O artigo 37.

26.-Producida unha causa de incompatibilidade e declarada esta polo Pleno da Corporación, o afectado deberá optar entre renunciar á condición de concelleiro ou abandona-la situación que orixina a incompatibilidade no prazo de:

a) Os dez días seguintes a aquel en que se reciba a notificación da incompatibilidade.
b) Os quince días seguintes a aquel en que se reciba a notificación da incompatibilidade.
c) Os vinte días seguintes a aquel en que se reciba a notificación da incompatibilidade.
d) Os trinta días seguintes a aquel en que se reciba a notificación da incompatibilidade.

27.-O parque público é un servizo obrigatorio en municipios con poboación superior a:

a) 5.000 habitantes.
b) 20.000 habitantes.
c) 50.000 habitantes.
d) É obrigatorio en tódolos municipios.

28.-Os Deputados Delegados son:

a) Órganos necesarios das Deputacións Provinciais.
b) Órganos complementarios destas.
c) Non existe esta figura n as Deputacións Provinciais.
d) Son elixidos polo Pleno da Corporación.

29.-Como regra xeral, entre a convocatoria e a realización da sesión extraordinaria do Pleno deben transcorrer polo menos:

a) Dous días hábiles.
b) Setenta e dúas horas.
c) Cinco días.
d) Vinte e catro horas.

30.-A proposta que se somete ó Pleno relativa a un asunto incluído na orde do día sen pasar pola Comisión Informativa, chámase:

a) Proposición.
b) Moción.
c) Voto particular.
d) Ditame.

31.-Para altera-la cualificación xurídica dun ben municipal requírese salvo que sexa automática:

a) Voto favorable de dúas terceiras partes dos seus membros legais.
b) Información pública durante un mes.
c) Voto favorable da maioría simple de membros da entidade presentes na sesión de que se trate.
d) As respostas b) e c) son correctas.

32.-Os ingresos procedentes do alleamento de bens que teñan a consideración de patrimoniais, ¿en que caso poderán destinarse ó financiamento de gastos correntes?

a) En ningún caso.
b) Salvo que se trate de parcelas sobrantes de vías públicas edificables.
c) Salvo que se trate de efectos non utilizables en servizos municipais ou provinciais.
d) Nos dous casos anteriores.

33.-Os orzamentos de gastos das entidades locais de menos de 5.000 habitantes poderán ser presentados e executados:

a) A nivel de subfunción e capítulo.
b) A nivel de función e concepto.
c) A nivel de grupo de función e artigo.
d) A nivel de grupo de función e concepto.

34.-Acompañará á conta xeral unha memoria xustificativa do custo e rendemento dos servizos públicos:

a) En tódalas entidades locais.
b) Non é obrigatorio en ningún caso.
c) Nos municipios de máis de cen mil habitantes.
d) Nos municipios de máis de cincuenta mil habitantes.

35.-Segundo o Estatuto básico do empregado público, para atender ó coidado dun fillo adoptivo, os funcionarios de carreira terán dereito a un período de excedencia de duración non superior a:

a) Un ano.
b) Dous anos.
c) Tres anos.
d) Non existe límite máximo de tempo para esta situación.

36.-Nunha folla de cálculo Excel, ¿como se cambian os resultados de suma a media?

a) Facendo clic en validación no menú datos.
b) Facendo clic co botón secundario do mouse na barra de estado.
c) Facendo clic en auditoría de fórmulas no menú ferramentas.
d) Tódalas respostas son correctas.

37.-En Access, nas relacións entre as táboas da base de datos, permítenos seleccionar:

a) Esixir integridade referencial.
b) Actualizar en cascada os rexistros seleccionados.
c) Eliminar en cascada os rexistros seleccionados.
d) Tódalas respostas son correctas.

38.-En Access, se nunha táboa demos a unha data o formato "data curta", ¿pódese cambia-lo formato na presentación de resultados dunha consulta?

a) Si, sen problema.
b) Non, nunca.
c) Si, pero a uns poucos formatos e xa preestablecidos.
d) Si, pero habería que notificalo previamente no deseño da táboa.

39.-En Access, a diferenza entre un borrado xeral e o de Edición->Borrar->Todo, consiste basicamente en:

a) Non hai, é o mesmo.
b) O primeiro mantén o formato das celas e o segundo bórrao.
c) O segundo mantén o formato das celas e o primeiro bórrao.
d) O primeiro deixa tódalas cantidades nun formato tradicional.

40.-Dentro dun esquema numerado, o número máximo de niveis que nos ofrece o Word é:

a) 5
b) 7
c) 9
d) 11